

## VERSOS PARA XAIME, ENRÍQUEZ

Aquela voz que entra e nunca sae derrubada  
polo silencio das esperas, mar aberto e auga  
do mencer nos nosos ríos que ti sabes tanto  
gurgullar e beber e pronuncias fonte e vida

e hai paxaros na redoma da mesa e asubíos  
de lonxe que se achegan  
para a festa das palabras que obras en barítono  
e acontece ese clamor do sangue en rebulicio

no carballal da tarde que soña soavela  
onde ti estás e bates  
son distinto e medra a xerfa, vai e vén a voz  
en xaime coma un arao e sempre resistimos

*Xosé Vázquez Pintor,  
en Cangas, maio 2009*